



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: CONSULTA PREVIA NO TRÁMITE DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2026/G013/000004 (Ordenanza).

Expte. TEDEC: 2026/G003/000252 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a necesidade de tramitar o procedemento para proceder á aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da Escola Infantil Municipal do Concello da Baña.

Vista a providencia de alcaldía de data 10/04/2026.

Visto o informe emitido pola secretaria de data 10/04/2026 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde a este Concello e co obxecto de regular o funcionamento da escola infantil municipal do Concello da Baña.

Visto que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto da ordenanza, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello da Baña (<https://www.concellodabana.gal>) na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma nos seguintes aspectos:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Visto que ditos aspectos son os recollidos no anexo desta resolución.

Visto que para a realización da consulta pública outorgárase un prazo de achegas por parte da cidadanía de 10 días hábiles dende a publicación do anexo na web municipal, indicando o final do prazo de achegas. Ditas achegas deberán realizarse a través da sede electrónica empregando o formulario de achega de documentación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

complementaria, indicando no apartado “código de expediente” o seguinte: **2026/G013/000004**. Poderase acceder a dito trámite de participación cidadá a través do seguinte enlace:

https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se publique no portal web do Concello a Consulta Pública do anexo para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas.

SEGUNDO. Que, tras realizar o trámite de consulta previa, se redacte o proxecto de Ordenanza.

TERCEIRO. Que, unha vez redactado o proxecto de Ordenanza, por parte dos servizos municipais se emita Informe-Proposta de Resolución tras os oportunos trámites preceptivos.

CUARTO. Co informe anterior, trasládese á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno para o seu estudo e proposta de aprobación, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mándao e asíno o señor Alcalde, José Antonio Pereira Gil, do que eu secretaria - interventora, Paula Martí Torres, dou fe.

ANEXO – ASPECTOS OBJETO DA CONSULTA PÚBLICA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Vista a necesidade de elaboración dun anteproxecto de Ordenanza Reguladora da Escola Infantil Municipal do Concello da Baña, e de conformidade con artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza arriba referenciada procédese a sustanciar unha consulta pública, a través do Portal web do Concello de A Baña, na que se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións e asociación máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poden facer chegar as súas opinións por escrito, as cales se poderán presentar telematicamente no Rexistro deste Concello ou a través dos medios previstos na LPACAP no prazo de 7 días naturais dende a publicación do presente anuncio na páxina web municipal.

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

O obxecto é regular o funcionamento da Escola Infantil Municipal, que ten como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais/nais, titores/as ou gardadores dos/das nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas de atención a primeira infancia que se configura como aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos.

Os obxectivos da norma: regular o funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello da Baña.

Para isto, O Concello da Baña, dentro das súas facultades:

Exercerá o control do cumprimento desta Ordenanza
Esixirá a adopción das medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias, sinalando as limitacións pertinentes.
Ordenará cantas inspeccións sexan precisas.
Aplicará as sancións correspondentes, no caso de incumprirse o ordenado.

As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Dado que se considera xustificada a conveniencia e oportunidade de redactar unha ordenanza como instrumento capaz de establecer un marco xurídico de referencia na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

materia, que incorpore as concretas especificidades que se dan no Concello. Estímase que non existe instrumento normativo máis apropiado para acadar o fin perseguido que a adopción desta Ordenanza.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE